

Nesta época de adquisición de material escolar, libros de texto e diverso equipamento para a volta ao cole propoñémosvos varios consellos para unha compra segura e responsable:

Ten en conta a etiquetaxe e as normas de seguridade:

- Lembra comprobar que o material leva a marcación CE, que nos garante que o produto cumpre coa normativa de seguridade da Unión Europea.
- Para evitar accidentes, está prohibido que o material escolar teña aspecto ou cheiro a alimentos. Revisa tamén a etiquetaxe dos produtos escolares potencialmente tóxicos ou cortantes.
- O material escolar ten recomendación de idade; teno en conta á hora de compralo.

Reutiliza sempre que sexa posible:

- Lembra que podemos reutilizar moitos obxectos de material escolar dun ano para outro, así como os uniformes escolares, que poden ser intercambiados.
- Antes de comprar o material escolar, revisa o que xa tes na casa para non duplicalo.

Compara prezos:

- Tanto no material escolar coma nos libros de texto, compara prezos entre diferentes establecementos, as diferenzas poden ser moi importantes.
- Procura non facer a compra de material ou libros a última hora, para ter tempo de comparar prezos e ofertas.

Non deixes que as modas condicionen a túa compra:

- Aproveita esta época para inculcar aos cativos e cativas que o aspecto, a moda, a publicidade ou as marcas non deben condicionar a nosa compra e que debemos ter sempre en conta a calidade e o prezo.

Conserva o tícket para posibles reclamacións:

- Pide sempre factura, recibo ou tícket de compra. Será imprescindible para realizar calquera reclamación ou facer uso da garantía.